



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura infantil e xuvenil

Materia	Literatura infantil e xuvenil			
Código	P02G120V01910			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Dans Álvarez de Sotomayor, María Isabel			
Profesorado	Dans Álvarez de Sotomayor, María Isabel			
Correo-e	isabeldans@hotmail.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia proporcionará ao futuro docente formación literaria, técnicas e recursos para que as nenas e os nenos de Educación Primaria valoren e gocen a literatura. Ademais presta especial atención ao desenvolvemento da creatividade lingüística e literaria.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B4	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade e que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá
C1	Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao periodo 6-12 no contexto familiar, social e escolar
C3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións
C7	Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao periodo 6-12
C22	Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade
C44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil
C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D18	Creatividade
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer o currículo escolar da lingua e a literatura na Educación Primaria.	A1		C1	D2
	A2		C3	
	A3		C7	
	A4		C44	
	A5		C45	
Adquirir formación literaria e lingüística e comprender os principios que contribúen á formación persoal e social desde a literatura.	A1	B3	C1	D1
	A2		C44	D3
	A3			
	A4			
	A5			
Coñecemento dos usos expresivos da linguaxe como fundamento para a comprensión da literatura, e valoración do texto literario como medio de comunicación.	A1		C1	D1
	A2		C44	D3
	A3		C45	
	A4		C48	
	A5			
Coñecer o proceso de adquisición e desenvolvemento da competencia literaria en lectores iniciais e en lectores formados.	A1		C1	D1
	A2		C3	D3
	A3		C7	
	A4		C44	
	A5		C45 C48	
Coñecer os principais autores, obras e persoaxes da literatura infantil e juvenil, además da tradición e o folclore.	A1	B2	C7	D1
	A2	B3	C44	D2
	A3		C45	D3
	A4		C48	D12
	A5			D18
Saber desenvolver estratexias didácticas para que a iniciación literaria sexa fonte de pracer e de enriquecemento persoal.	A1		C44	D1
	A2		C45	D2
	A3		C48	D3
	A4			D18
	A5			
Coñecer métodos para incentivar a lectura estética e a lectura comprensiva. Saber aplicar estratexias didácticas para a comprensión e interpretación das obras literarias.	A1	B4	C7	D1
	A2		C44	D2
	A3		C45	D3
	A4		C48	D18
	A5			
Saber seleccionar textos adecuados para elaborar propostas didácticas orientadas á formación literaria en cada un dos tres ciclos de Educación Primaria.	A1	B2	C7	D1
	A2	B4	C44	D2
	A3		C45	D3
	A4		C48	D18
	A5			
Valorar o texto literario como fonte de coñecemento de outros mundos, tempos, linguas e culturas.	A1	B3	C22	D1
	A2		C45	D2
	A3		C48	D3
	A4			D12
	A5			D20
Fomentar a creatividade lingüística e literaria.	A1	B3	C48	D3
	A2			D18
	A3			
	A4			
	A5			

Contidos

Tema

1. Introducción á literatura infantil e xuvenil	Ensino e aprendizaxe da literatura de tradición oral e o folclore. Clásicos da literatura infantil e xuvenil. Tendencias, autores e obras principais da literatura infantil e xuvenil actual.
---	---

2. A educación literaria	Lingua, literatura e cultura. Tipoloxías e xéneros literarios. A competencia literaria. A literatura infantil e xuvenil na formación do lector literario. Tratamento didáctico da literatura en Educación Primaria. Obxectivos. Metodoloxía. Selección de textos para valorar e gozar coa literatura. Desenvolvemento de experiencias educativas e de materiais didácticos no eido literario.
3. Os talleres de creación literaria.	Produción de textos. Técnicas e estratexias para fomentar a creatividade lingüística e literaria do alumnado. Propostas didácticas. Actividades de creación na aula.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	12	30	42
Presentación	20	45	65
Traballos de aula	18	22	40
Actividades introdutorias	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, actividade ou proposta educativa a desenvolver polos estudantes
Presentación	Elaboración, presentación e exposición oral na aula por parte do alumnado dun traballo práctico, con material de apoio, en grupo, sobre a explotación didáctica dun texto literario.
Traballos de aula	Os estudantes desenvolverán propostas didácticas, experiencias educativas, actividades de creación lingüística e literaria baixo as directrices e supervisión da profesora. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas dos estudantes.
Actividades introdutorias	Esta sesión servirá para presentar a materia aos estudantes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Sesións nas que se fomentará o debate e reflexión ao redor dos contidos tratados, poñendo en valor as aprendizaxes previas e os coñecementos do alumnado, ao que se lle responderá a calquera dúbida ou cuestión de interese para a temática abordada
Presentación	Antes de cada presentación terán que pasar por titorías para supervisar a proposta de traballo
Traballos de aula	Serán supervisados individualmente pola docente para aclarar calquera dúbida que poida xurdir

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Presentación	Valorarase o interese e a participación, a aplicación didáctica, a creatividade e a expresión oral: corrección e fluidez.	40	A1	B2	C1	D1
			A2	B3	C3	D2
			A3	B4	C7	D3
			A4		C22	D12
			A5		C44	D18
					C45	D20
					C48	
Traballos de aula	Valorarase a asistencia. A participación activa e implicación nos traballos de aula serán obxecto de avaliación continua.	10	A1	B2	C1	D1
			A2	B3	C3	D2
			A3	B4	C7	D3
			A4		C22	D12
			A5		C44	D18
					C45	D20
					C48	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas sobre contidos da materia.	50			C3	D1
					C7	D2
					C44	D3
					C45	
					C48	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existe unha segunda convocatoria no mes de xullo para os estudantes que non superaran a materia ou ben que, por causa xustificada, NON poidan ASISTIR regularmente. Serán avaliados de todo o programa por un exame escrito sobre os contidos teóricos e prácticos da materia. As competencias non adquiridas serán de novo avaliadas no mes de xullo.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da Facultade, no apartado DATAS EXAMES:

<http://fcced.uvigo.es/gl/docencia/exames>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BALLESTER ROCA, J., **La formación lectora y literaria**, Graó, 2015

CERRILLO, P., **Literatura infantil y juvenil y educación literari**, Cincel, 2007

CERVERA, J. (1997), **La creación literaria para niños**, Mensajero, 1997

GARCÍA TEIJEIRO, A., **A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula**, Galaxia, 2009

ROIG RECHOU, B.-A. (coord.), **Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega**, Edicións Xerais de Galicia, 2015

GARCÍA PADRINO, J., **Historia crítica de la literatura infantil y juvenil en la España actual**, Marcial Pons, 2018

Bibliografía Complementaria

BRAVO VILLASANTE, C., **Historia y Antología de la literatura infantil universal**, Miñón, 1988

BUTIÑÁ, J. e outros, **Guía de teatro infantil y juvenil**, AEALIJ, 2002

CERRILLO, P., **¿Dónde está el niño que yo fui?**, Akal, 2004

CERRILLO, P. e GARCÍA PADRINO, J. (coords.), **Presente y futuro de la literatura infantil**, Universidad de Castilla-La Mancha, 2000

CERRILLO, P. E SÁNCHEZ ORTIZ, C., **La palabra en la memoria (Estudios de Literatura popular infantil)**, Universidad de Castilla-La Mancha, 2008

CERVERA, J., **Teoría de la literatura infantil**, Mensajero, 1991

CERVERA, J., **La dramatización en la escuela**, Bruño, 1996

GIL, C., **¡A jugar con los poemas! Taller de poesía para niños**, CCS, 2003

GONZÁLEZ BOULLOSA, P., **Cando o rei por aquí pasou. Libro do folclore infantil galego**, Edicións Xerais de Galicia, 1997

HUERTAS GÓMEZ, R., **Poesía infantil y creatividad**, CCS, 2007

NOBILE, A., **Literatura infantil y juvenil**, Morata, 1992

PELEGRÍN, A., **Poesía española para niños**, Alfaguara, 1997

ROIG RECHOU, B.-A., **A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI. Seis claves para entendela mellor**, Asociación de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/, 2008

ROIG RECHOU, B.-A., P. LUCAS DOMÍNGUEZ e I. SOTO LÓPEZ (coords), **Teatro infantil. Do texto á representación**, Xerais/LIJMI/Fundación Caixagalicia, 2007

ROIG RECHOU, B.-A., I. SOTO LÓPEZ e M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords), **A poesía infantil no século XXI (2000-2008)**, Xerais/LIJMI/Fundación Caixagalicia, 2008

ROIG RECHOU, B.-A., I. SOTO LÓPEZ e M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords.), **O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)**, Xerais/LIJMI/Fundación Caixagalicia, 2011

RUIZ CAMPOS, A., **Literatura infantil: Introducción a su teoría y práctica**, Guadalmena, 2000

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Didáctica da lingua e literatura: Español/O05G120V01506

Didáctica da lingua e literatura: Galego/O05G120V01501

Outros comentarios

Recoméndase asistencia continua ás sesións de teoría e prácticas. A asistencia considérase fundamental para o seguimento da materia por parte do alumnado e para a avaliación por parte da profesora do grao de desenvolvemento das capacidades instrumentais e procedementais.